

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ALCALDÍA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a constitución da Xunta de Goberno Local e a fixación da celebración desta.

Dáse conta do Decreto número 56/2011, do 11 de xuño, do Libro de resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, sobre composición provisional da Xunta de Goberno Local e do seu réxime de sesións, e outros aspectos organizativos.

Tamén se acorda o mantemento do ámbito de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local e a delegación na Tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía e Emprego tódolos actos de trámite do procedemento para a autorización de instalación de postos no Arde Lucus 2011.

ÁREA DE URBANISMO

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, nos parágrafos: I.B.3.2.1 a) e b) escaleiras, dimensionamento, I.B.3.3. b) espazos de comunicación, condicionado a que se instalen extintores, iluminación de emerxencia e portas EI-60 no acceso ás vivendas como mellora por diminuír as condicións en caso de

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 11extractoxg28.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2011

incendio, solicitada para a actuación de instalación dun ascensor en edificio sito na rúa Cabo Estaca de Bares, números 23-25.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento dos predios matrices sitos en solo rústico, Cristimil, números 1 e 2, Ombreiro, polígono 502, parcelas 232 e 233; para parcelamento da parcela matriz sita no polígono 342, parcela 343 Mazoi-Cababelos-Cerracín; para demolición da edificación sita na rúa Doutor Yáñez Rebolo, números 85 e 87; para construción dunha nave sen uso definido en Garabolos; para construción dunha vivenda unifamiliar illada en solo urbano de núcleo de recente formación, na urbanización a Campiña, número 11 e para obras en edificio construído coa licenza 342/93, sito en solo urbano, rúa Pintora Xulia Minguillón, número 32.

Acórdase a denegación da licenza de obra formulada para construír un garaxe vinculado a vivenda unifamiliar illada, con licenza número 1035/06 e con licenza de parcelamento número 1687/2010, sita no núcleo rural tradicional de Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor e substitución de cuberta en edificio existente, sito na rúa Cedrón del Valle, número 2 e para cambio de uso de comercial a garaxe en grao 1º para dúas prazas, na planta baixa do edificio con licenza número 113/77, sito na praza da Liberdade, números 9 e 10, sendo o acceso a planta baixa obxecto do cambio de uso por rúa Ortega y Gasset, número 7.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para a legalización de garaxe apegado a vivenda unifamiliar existente con licenza de obras número 1177/07, sito no núcleo rural tradicional de Bosende de Abaixo, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa; para legalización de obras en edificio con licenza número 242/2000, consistentes en instalación de ascensor, planta 2ª e baixo cuberta para ampliación da actividade de sala de reunión en grao 2º e situación 4ª, sendo a localización da obra rúa Miguel de Cervantes, número 5, esquina rúa de Castelao, número 90 e para a construción de edificio na rúa Menorca, esquina rúa Milagrosa, parcela 3, Unidade de Actuación CN-9.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg28.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2011

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo durante o mes de xuño por persoal adscrito a Protocolo e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ao Negociado de Sanidade e Consumo e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo de prórroga para o período comprendido entre o 27 de marzo de 2011 e o 26 de marzo de 2012 do contrato asinado con Don Manuel Pérez Puente (Centro de día para persoas maiores Abrite), adxudicatario do concerto de quince prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación do servizo consistente na realización dos estudos previos, redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de construción dun edificio destinado a novas tecnoloxías (proxecto 10UR1101 Urban edificio novas tecnoloxías) e da apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 16 de xuño de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García